

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA IMPULSAR ACCIÓNS NO CAMPUS TERRA COMO CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN ACREDITADO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (SUG)

Santiago de Compostela,

COMPARECEN

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, (en diante Consellería) nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16 de maio), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), nomeado mediante Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto

Páxina 1 de 23



119/2022, do 23 de xuño, polo que establece a súa estrutura orgánica é o departamento da Xunta de Galicia a que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades. Concretamente, entre estas funcións, correspóndelle a coordinación do Sistema universitario de Galicia.

SEGUNDO.- Que a Secretaría Xeral de Universidades, segundo establece o artigo 12 do citado decreto, é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitarias correspondentes a esta consellería. Correspóndelle planificar a oferta de ensino universitario na Comunidade Autónoma de Galicia, en coordinación coas universidades galegas, incidindo na mellora continua do Sistema universitario de Galicia e na súa conexión e adaptación ao contorno, para dar resposta ás necesidades da sociedade actual.

TERCEIRO.- Que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha entidade que forma parte do sector público institucional, á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público de educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica de universidades.

CUARTO.- A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3), acorde co Plan da Unión Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027, é a estratexia integral para articular todas as actuacións da I+D+i en Galicia, incorporando os grandes obxectivos 2021-2027 da Unión Europea: unha nova política industrial marcada pola sostibilidade, polo Pacto Verde Europeo e pola Transformación Dixital. As grandes metas que se pretenden acadar son: evolucionar o modelo produtivo, gañar competitividade e medrar de forma sostible no tempo, xerando emprego de calidade e contribuír a dar resposta aos grandes retos e necesidades da sociedade.

QUINTO.- A especialización dos campus constitúe un novo modelo de organización universitaria que xurde despois dunha fonda análise do SUG co



obxecto de rexuvenecelos e facelos máis competitivos. Todo isto no marco dun programa que pretende impulsar unha dinámica de especialización dos campus do SUG nunha articulación e agregación harmonizada e complementaria das capacidades docentes e de investigación das universidades galegas arredor de temáticas –dominios de coñecemento ou retos sociais e económicos– en que estas presenten maiores fortalezas ou oportunidades para avanzar cara a maiores niveles de calidade, ben polo prestixio acadado ou porque son un vector de desenvolvemento socioeconómico.

SEXTO.- Para avanzar na implantación desta estratexia en Galicia, a Consellería veu impulsando dende o ano 2013, de xeito pioneiro, a especialización dos campus nas universidades do SUG. Así púxose en marcha un programa de especialización que conlevou á sinatura de convenios de colaboración coas tres universidades nos que se financiaron os traballos necesarios para a elaboración dos plans estratéxicos e dos programas de necesidades funcionais dos distintos campus, tendo en conta as súas peculiaridades específicas, sendo obxectivos principais os seguintes:

- Promover a especialización e diferenciación dos campus de acordo cos principios do novo modelo de organización universitaria.
- Establecer o posicionamento e o enfoque estratéxico dos campus con respecto aos ámbitos especializados elixidos.
- Reforzar a colaboración estratéxica entre as estruturas de goberno e os axentes económicos e sociais como vía para fortalecer o papel das universidades como axentes dinamizadores do territorio.
- Facilitar a reestruturación da oferta docente de acordo cos retos sociais e as demandas do tecido produtivo nos ámbitos de especialización dos campus.
- Impulsar a creación de polos de referencia en I+D+i por medio da reorganización, agrupación e especialización das capacidades científicas.

SÉTIMO.- Na actualidade, os campus universitarios de Galicia, que contan cunha denominación que se corresponde co seu proxecto de especialización son:



| | |
|-------|------------------------------------|
| UDC | Campus Industrial (Ferrol) |
| | Campus Innova (A Coruña) |
| | Campus Sustentabilidade (A Coruña) |
| USC | Campus Terra (Lugo) |
| | Campus da Cidadanía (Santiago) |
| UVIGO | Campus Auga (Ourense) |
| | Vigo Tecnolóxico (Vigo) |
| | Campus Crea (Pontevedra) |

OITAVO.- Logo de varias anualidades colaborando no financiamento dos plans de especialización dos distintos campus, a Consellería regulou no ano 2019 o procedemento de acreditación dos mesmos, en virtude do cal, cada campus debidamente acreditado dará lugar á posibilidade de sinatura dun convenio de colaboración que contribuirá ao financiamento das actividades desenvolvidas.

O procedemento mencionado no apartado anterior estableceuse na *Orde do 10 de setembro de 2019 que regula o procedemento para a acreditación dos campus de especialización do SUG (ED442B)*, publicado no DOG núm. 177, do 18 de setembro de 2019. Trátase dun procedemento aberto que se pode iniciar en calquera momento a través da universidade do SUG á que pertenza o campus.

NOVENO.- O Campus Terra da USC foi o segundo que iniciou o procedemento para acreditarse como campus de especialización do SUG.

Concretamente:

- Con data do 13 de outubro de 2020 a USC presentou a solicitude e a documentación complementaria para a acreditación como campus de especialización do SUG. Atendendo ao procedemento establecido, a avaliación levouse a cabo a través dun panel de persoas expertas externas ao SUG (Comité de Avaliación), que se encargou de analizar a documentación e elaborar os informes de avaliación.



- Con data do 3 de agosto de 2021 o Comité de Avaliación asinou o seu Informe final de avaliación para a acreditación como campus de especialización do Campus Terra.
- Con data do 6 de agosto de 2021 o secretario xeral de Universidades, tendo en conta o Informe final de avaliación e como órgano instrutor do procedemento, elevou ao Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade un informe-proposta, sobre a acreditación do Campus Terra.
- Con data do 10 de agosto de 2021 o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade ditou a *Resolución do 10 de agosto de 2021 pola que se acredita o Campus Terra como campus de especialización do Sistema universitario de Galicia (SUG)*, publicada no DOG núm. 173, do 8 de setembro de 2021. Na devandita resolución establécese que a acreditación estenderase por un período de catro anos dende a data de sinatura da resolución.
- Con data do 6 de setembro de 2021, tendo en conta o disposto no punto 3 da resolución, e coa finalidade de obxectivar o cumprimento das condicións da acreditación definíronse unha serie de puntos de control nun protocolo asinado entre a Consellería e a USC que inclúe un sistema de vixilancia e seguimento da acreditación concedida.
- Con data do 29 de abril de 2022, o reitor da USC, baseándose no Informe final de avaliación presenta un programa de necesidades para o Campus Terra coa finalidade de potenciar a especialización do mesmo e que son obxecto do presente convenio.

DÉCIMO.- A especialización do Campus Terra supón dotalo unha identidade propia, centrada no coñecemento vinculado a sustentabilidade económica, social e medioambiental do uso da terra. Trátase de conformar un entorno universitario especializado no eido agroalimentario desde unha perspectiva multidisciplinar que abarca os eidos medioambiental, económico, social e cultural, tanto na súa vertente docente (con titulacións de grao, máster e programas de doutoramento) como na súa dimensión investigadora, con actividades de transferencia e difusión ao sector produtivo e á sociedade en xeral. Todo isto a través dunha especialización docente e científica que permite aproveitar as potencialidades do seu entorno facendo máis dinámica a economía, non só na comarca, senón tamén a nivel rexional, nacional e internacional.



Por conseguinte, as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a USC para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas co fin de dotar ao Campus Terra dunha identidade propia, estreitamente ligada ás potencialidades económicas do seu entorno, así como unha maior visibilidade que garanta o seu futuro, tanto a nivel nacional como internacional, tendo en conta o establecido na súa resolución de acreditación.

Os obxectivos son consolidar unha maior especialización, compactidade e calidade da docencia e da investigación no Campus Terra.

O orzamento será de 4.000.785,00€, distribuídos nas anualidades 2022, 2023, 2024 e 2025, coas actuacións que se resumen no seguinte cadro:

[cadro páxina seguinte]



| ACTUACIÓNS | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 | Suma € | Σ/ € |
|--|----------------|------------------|------------------|----------------|-----------|------------------|
| 1.Gobernanza | | | | | | |
| 1.1.Implementación comisión avaliadora externas e dirección | 17.700 | 10.700 | 10.700 | 10.700 | 49.800 | 66.800 |
| 1.2.Desprazamentos dietas comisión económico-social e conferencias temáticas | 9.500 | 2.500 | 2.500 | 2.500 | 17.000 | |
| 2.Docencia e Comunicación | | | | | | |
| 2.1. Desenvolvemento novo modelo de titulacións | 47.490 | 35.000 | 31.000 | 29.000 | 142.490 | 945.738 |
| 2.2. Mellorar a calidade docente | 228.394 | 130.000 | 130.000 | 95.000 | 583.394 | |
| 2.3. Favorecer a empregabilidade | 41.901 | 40.581 | 40.581 | 20.791 | 143.854 | |
| 2.4. Plan comunicación reforzo marca Campus Terra | 30.000 | 16.000 | 15.000 | 15.000 | 76.000 | |
| 3.Investigación | | | | | | |
| 3.1. Reforzo estruturas investigación (novos departamentos, novos centros) | - | 45.000 | 30.000 | 15.000 | 90.000 | 2.541.197 |
| 3.2. Potenciar a carreira investigadora | 231.934 | 641.752 | 558.068 | 399.193 | 1.830.947 | |
| 3.3. Colaboración entre grupos e participación en redes | 135.000 | 110.000 | 85.000 | 20.000 | 350.000 | |
| 3.4. Participación en proxectos internacionais | 24.132 | 32.000 | 33.000 | 30.000 | 119.132 | |
| 3.5. Contratación técnico/a de Innovación e Xestión I+D+i | 35.868 | 41.000 | 42.000 | 32.250 | 151.118 | |
| 4.Interacción co tecido produtivo | | | | | | |
| 4.1. Ferramenta dixital contacto único servizos e infraestruturas do Campus | 8.153 | 8.847 | 4.000 | 4.000 | 25.000 | 441.050 |
| 4.2. Formación continua sector produtivo | 3.800 | 4.000 | 4.000 | 2.000 | 13.800 | |
| 4.3. Impulso plataformas tecnolóxicas | 27.300 | 24.000 | 24.000 | 15.000 | 90.300 | |
| 4.4. Programas de valorización e protección de resultados | 600 | 22.100 | 22.100 | 21.900 | 66.700 | |
| 4.5. Actividades de transferencia innovación | 29.144 | 25.000 | 24.000 | 18.000 | 96.144 | |
| 4.6. Contratación técnico/a de Transferencia | 33.856 | 41.000 | 42.000 | 32.250 | 149.106 | |
| 5.Información pública e transparencia | | | | | | |
| 5.2. Informe anual e estudo impacto entorno | 1.500 | 1.500 | 1.500 | 1.500 | 6.000 | 6.000 |
| TOTAIS | 906.272 | 1.230.980 | 1.099.449 | 764.084 | | 4.000.785 |



SEGUNDA.- Actuacións

As accións neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración coa USC para levar a cabo as seguintes actuacións (5) no Campus Terra, como campus acreditado do SUG, no período 2022-2025, tal e como se detallan a continuación:

1. GOBERNANZA

| GOBERNANZA | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 | Σ período (€) |
|---|---------------|---------------|---------------|---------------|-------------------------|
| 1.1. Desprazamentos e dietas comisión externa e implementación dirección | 17.700 | 10.700 | 10.700 | 10.700 | 49.800 |
| 1.2. Desprazamentos e dietas comisión económico-social e conferencias temáticas | 9.500 | 2.500 | 2.500 | 2.500 | 17.000 |
| Avaliación continua | - | - | - | - | - |
| TOTAIS | 27.200 | 13.200 | 13.200 | 13.200 | 66.800 € |

A dirección do Campus Terra, nos seus diferentes niveis, contribuirá ao desenvolvemento do Campus e á súa vertebración co entorno mediante unha gobernanza participativa, empregando procedementos áxiles e transparentes e monitorizando o impacto dos seus resultados. Esta etapa do Campus Terra ten que ser un proceso integrador de todas aquelas accións que estean aliñadas coa especialización do Campus, independentemente da área de coñecemento da que se trate.

As liñas de actuación son:

1.1. Configuración dunha estrutura organizativa e de gobernanza dinámica e aberta: comisión reitora, comisión económico-social, comisión científica externa, dirección, comisión de coordinación, grupos de traballo...

1.2. Impulsar un ecosistema de cooperación e colaboración: para favorecer a participación dos axentes económicos e sociais na gobernanza.



Avaliar para mellorar: a través da estruturación e a implementación dun sistema de seguimento durante o período 2022-2025, avaliaranse as accións desenvoltas en Campus Terra.

2. DOCENCIA E COMUNICACIÓN

| DOCENCIA/COMUNICACIÓN | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 | Σ período (€) |
|--|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------------------|
| 2.1. Desenvolvemento novo modelo de Titulacións Campus Terra | | | | | |
| Estratexia Titulacións | 31.490 | 20.000 | 20.000 | 20.000 | 91.490 |
| Novos máster | 2.000 | 5.000 | 5.000 | 4.000 | 16.000 |
| Formación continua alumnado | 14.000 | 10.000 | 6.000 | 5.000 | 35.000 |
| 2.2. Mellorar a calidade da docencia | | | | | |
| Formación profesorado | 10.180 | 8.000 | 8.000 | 5.000 | 31.180 |
| Equipamentos docentes | 191.514 | 101.000 | 101.000 | 71.000 | 464.514 |
| Seminarios impartidos por expertos sector produtivo | 6.000 | 6.000 | 6.000 | 4.000 | 22.000 |
| Selos de calidade | 20.700 | 15.000 | 15.000 | 15.000 | 65.700 |
| 2.3. Favorecer a empregabilidade | | | | | |
| Formación transversal alumnado | 10.320 | 9.000 | 9.000 | 5.000 | 33.320 |
| Programa prácticas no rural | 31.581 | 31.581 | 31.581 | 15.791 | 110.534 |
| 2.4. Desenvolver un plan de comunicación para reforzar a marca Campus Terra | | | | | |
| Plan de Comunicación | 30.000 | 16.000 | 15.000 | 15.000 | 76.000 |
| TOTAIS | 347.785 | 221.581 | 216.581 | 159.791 | 945.738 |

As liñas de actuación son:

2.1. Desenvolvemento dun novo modelo de titulacións

2.1.1. Titulacións de Grao e Máster con baixo número de alumnos: o baixo número de alumnos afecta fundamentalmente aos graos de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e a de Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, así como ao máster de Enxeñaría de Montes e máster de Enxeñaría de Procesado de Alimentos. Trátase conseguir consolidar a viabilidade das titulacións mencionadas para o cal é necesario facer unha reestruturación das mesmas.



2.1.2. Creación de novos máster: o Campus Terra esixe unha análise para a creación de mestrados que dean continuidade aos estudos de primeiro ciclo e fomenten a especialización nesas áreas de coñecemento.

2.1.3. Ampliación da oferta de formación continua para o alumnado: desenvolvemento de programas de formación continua que permitan a actualización de coñecementos dos egresados/as e nos que se coñecen demandas existentes aliñadas coa especialización do Campus Terra.

2.2. Mellorar a calidade docente

2.2.1. Formación continua do profesorado en TICs e novas metodoloxías de ensinanza .

2.2.2. Establecemento dun plan de mellora de infraestruturas e adquisición de novo equipamento docente: co obxectivo de mellorar a calidade docente das prácticas das titulacións vinculadas ao Campus de especialización, é necesario actualizar e adquirir novo equipamento para os seus laboratorios e material para prácticas de campo segundo as diferentes titulacións de grao e máster vinculadas a Campus Terra.

2.2.3. Posta en marcha dun programa de participación de profesionais expertos do tecido produtivo e empresarial para a impartición de seminarios para os alumnos dende un punto de vista máis práctico (desprazamentos e dietas, aloxamento, impartición conferencias/talleres...).

2.2.4. Renovación e adquisición dos selos internacionais de calidade en distintas titulacións (EAVE do grao de Veterinaria; EUR-ACE do grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria e para o Máster Universitario en Enxeñaría de Montes...).

2.3. Favorecer a empregabilidade e a incorporación ao mercado de traballo dos egresados/as

2.3.1. Oferta de actividades formativas transversais para estudantes de grao e máster: actuacións encamiñadas a ofertar actividades formativas transversais destinadas a complementar os coñecementos que os estudantes adquiren nas distintas titulacións. Existe unha clara demanda por parte do alumnado dos graos e master que se imparten en Campus Terra, sendo contidos que non se ofertan como materias dentro da formación regrada universitaria.



2.3.2. Programa de prácticas no rural: diseño dun programa de prácticas no medio rural “Retorna ao rural con Campus Terra” que pretende incentivar a realización de prácticas en empresas e institucións situadas no rural de Galicia durante tres meses por alumno.

2.4. Elaborar e desenvolver un Plan de Comunicación específico para reforzar a marca Campus Terra: visibilizar as potencialidades do Campus a través dunha estratexia comunicativa propia, clara e efectiva.

3. INVESTIGACIÓN

| INVESTIGACIÓN | No. | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 | Σ período (€) |
|--|-----|----------------|----------------|----------------|----------------|-------------------|
| 3.1. Novas estruturas para fortalecer a investigación | | | | | | |
| Novas estruturas departamentais | | - | 30.000 | 30.000 | 15.000 | 75.000 |
| Proposta de creación dun instituto ou centro de excelencia | | - | 15.000 | - | - | 15.000 |
| 3.2. Potenciar a carreira investigadora/relevo xeracional | | | | | | |
| Bolsas/contratos de Iniciación Investigación* | 14 | 65.184 | 69.552 | 69.368 | 67.368 | 271.472 |
| Predoutorais (2022) | 6 | 65.000 | 136.000 | 139.500 | 72.000 | 412.500 |
| Predoutorais (2023) | 6 | - | 136.000 | 139.500 | 145.000 | 420.500 |
| Posdoutorais (2022) | 4 | 65.000 | 140.000 | 140.000 | 70.000 | 415.000 |
| Suplementos <i>Ramón y Cajal</i> (17.000€/ano)** | 2 | 29.750 | 34.000 | 34.000 | 34.000 | 131.750 |
| Estadías predoutorais | 12 | - | 24.000 | 24.000 | - | 48.000 |
| Custos inicio actividade posdoutorais | 4 | - | 90.000 | - | - | 90.000 |
| Formación competencias transversais investigadores predoutorais/posdoutorais | | 3.000 | 3.000 | 3.000 | 3.000 | 12.000 |
| Reforzo programas doutorais | | - | 5.000 | 5.000 | 4.125 | 14.125 |
| Programa de mentorización de investigadores mozos/as | | 3.000 | 2.200 | 2.200 | 2.200 | 9.600 |
| Eventos organizados por asociación Agromar | | 1.000 | 2.000 | 1.500 | 1.500 | 6.000 |
| 3.3. Potenciar a colaboración entre grupos e participación en redes | | | | | | |
| Proxectos colaborativos | | 120.000 | 90.000 | 65.000 | - | 275.000 |
| Participación en redes internacionais e mobilidade | | 15.000 | 20.000 | 20.000 | 20.000 | 75.000 |
| 3.4. Participar en proxectos internacionais | | | | | | |
| Candidaturas Horizonte EU | | 24.132 | 32.000 | 33.000 | 30.000 | 119.132 |
| 3.5. Contratación Persoal | | | | | | |
| Técnico Superior de Innovación e Xestión I+D+i | | 35.868 | 41.000 | 42.000 | 32.250 | 151.118 |
| TOTAIS | | 426.934 | 869.752 | 748.068 | 496.443 | 2.541.197€ |

*De 6 meses de duración

** En 2022 3 Ramón y Cajal 7 meses, en anos sucesivos 2 Ramón y Cajal



No ámbito da investigación ponse énfase na necesidade de situar a investigación do Campus Terra a un nivel de excelencia e competitividade internacional. Para elo traballárase na reorganización das estruturas de investigación xa existentes no campus, co fin de agregar capacidades e consolidar unha figura de instituto ou centro de excelencia. Por outro lado, trátase de impulsar programas que acompañen e reforcen as vocacións científicas e docentes de mozos/as investigadores/as, ademais de atraer e consolidar talento.

As liñas de actuación son:

3.1. Desenvolver a axenda estratéxica de I+D+i do Campus Terra: poñer en valor as estruturas de investigación xa existentes no campus co fin de mellorar a súa funcionalidade, incrementar a capacidade e calidade das súas actividades, mellorar a oferta dos seus servizos e potenciar a difusión dos resultados; así como a proposta de creación dun instituto ou centro de excelencia

3.2. Potenciar a carreira investigadora: garantir unha carreira investigadora e docente focalizada no ámbito de Campus Terra, progresiva e estable: 14 axudas de iniciación á investigación para estudantes de último curso de grao ou máster ou recentemente titulados e vinculados as liñas de investigación de especialización do Campus Terra; programa de contratos predoutorais propios; programa de contratos posdoutorais propios; financiamento adicional para contratados Ramón y Cajal; formación en competencias transversais para predoutorais e posdoutorais; programa de mentorización científica de investigadores mozos/as Campus Terra; eventos organizados pola asociación Agromar (asociación estudantil na que se integran os investigadores predoutorais e posdoutorais de Campus Terra).

3.3. Potenciar a colaboración entre grupos e participación en redes

3.3.1 Tecer redes internas: realización de proxectos colaborativos entre os grupos de investigación do campus, que poden ser apoiados e reforzados coa participación de axentes externos (outros centros de investigación non universitarios, empresas) e con grupos doutras universidades.

3.3.2 Tecer redes externas: establecer alianzas nacionais e internacionais, para xeración de coñecemento aliñado coa especialización de Campus Terra, a través da adhesión deste Campus a redes e plataformas nacionais e internacionais (Comité Permanente de Investigación Agrícola-SCAR-), Asociación Europea de Innovación para a Produtividade e Sustentabilidade Agrícola (EIP- AGRI).



3.4. Participar en plataformas e proxectos internacionais

Para incrementar o nivel de internacionalización da investigación desenvolvida en Campus Terra resulta imprescindible acceder as fontes de financiamento europeas. Por este motivo destinarase unha parte do orzamento para identificar oportunidades, mellorar o deseño das propostas Horizonte Europa co fin de acadar maiores opcións de éxito, co apoio de servizos externos expertos neste eido.

3.5. Contratación técnico/a de innovación-xestión persoal de I+D+i

Para o desenvolvemento de todas as liñas de actuación dentro do ámbito da investigación no Campus Terra é necesaria a adscrición dun técnico/a superior de xestión con perfil de innovación e xestión de I+D+i.

4. INTERACCIÓN CO TECIDO PRODUTIVO

| TECIDO PRODUTIVO | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 | Σ período (€) |
|--|----------------|----------------|----------------|---------------|------------------|
| 4.1. Carteira de servizos e infraestruturas do Campus Terra ao dispor do sector produtivo | | | | | |
| Ferramenta dixital contacto único | 8.153 | 8.847 | 4.000 | 4.000 | 25.000 |
| 4.2. Formación a demanda para profesionais dos sectores produtivos | | | | | |
| Formación continua sector produtivo | 3.800 | 4.000 | 4.000 | 2.000 | 13.800 |
| 4.3. Impulso das plataformas tecnolóxicas do Campus Terra | | | | | |
| Impulso plataformas | 27.300 | 24.000 | 24.000 | 15.000 | 90.300 |
| 4.4. Programas de valorización e protección de resultados de investigación | | | | | |
| Xornadas formativas temáticas sobre protección e valorización de resultados | 600 | 600 | 600 | 400 | 2.200 |
| Programas proba-concepto | - | 21.500 | 21.500 | 21.500 | 64.500 |
| 4.5. Actividades de transferencia e innovación | | | | | |
| Xornadas sectoriais Universidade-Empresa e programas/eventos de emprendemento | 29.144 | 25.000 | 24.000 | 18.000 | 96.144 |
| 4.6. Contratación persoal | | | | | |
| Técnico superior de xestión (perfil de transferencia) | 33.856 | 41.000 | 42.000 | 32.250 | 149.106 |
| TOTAIS | 102.853 | 124.947 | 120.100 | 93.150 | 441.050 € |



Unha estratexia clara de investigación vai da man dunha transferencia eficiente do coñecemento xerado a sociedade. Nesta acción trátase de intensificar e mellorar a colaboración cos axentes do tecido produtivo, social e tecnolóxico a través dunha mellor oferta das capacidades e servizos que ofrece o Campus Terra e o desenvolvemento de estratexias e accións conxuntas que redunden nunha maior aprendizaxe e xeración de coñecemento que responda as necesidades que o mercado está demandando. Ese coñecemento xerado debe repercutir directamente na contorna a través da transformación de novos produtos, desenvolvemento de novos servizos e modelos de negocio que xeren valor engadido e un emprego de maior calidade.

As liñas de actuación son:

4.1. Elaboración dunha carteira de servizos e infraestruturas do Campus Terra ao dispor do sector produtivo: mapa visual e interactivo coa carteira de servizos que desenvolven as unidades e grupos de investigación do campus e infraestruturas xerais e equipos cos que conta o Campus ao dispor do sector produtivo.

4.2. Deseño de programas de formación continua a demanda para profesionais dos sectores produtivos.

4.3. Impulso das plataformas científicas/tecnolóxicas do Campus Terra: constitúen un exemplo dos recursos e capacidade investigadora do Campus Terra, xa que ofrecen unha ampla gama de servizos tecnolóxicos, tanto ás propias estruturas de investigación da USC ou alleas, como a empresas e institucións; Preténdese impusar estas plataformas acometendo plans estratéxicos de viabilidade para deseñar a folla de ruta de impulso das mesmas.

4.4. Programas de valorización e protección de resultados de investigación: permiten orientar os resultados susceptibles de ser protexidos, e de interese para as empresas, e trasladalos ao mercado. Estas accións reforzaranse coa realización de xornadas formativas temáticas sobre protección e transferencia de resultados de investigación dirixidas a persoal investigador. Por outra banda, implementarase un programa propio para Campus Terra de proba-concepto para achegar a investigación realizada ao mercado.

4.5. Actividades de transferencia e innovación: xornadas sectoriais e anuais sobre transferencia Universidade-Empresa destinados a empresas e investigadores, para identificar oportunidades de innovación entre ambos.



Ademais, promoverase a innovación e a cultura emprendedora na comunidade universitaria a través de diferentes eventos e programas. Tamén se apoiará a creación de empresas baseadas en resultados de investigación (*spin-off*) dos grupos de investigación do Campus Terra como outra vía de transferencia do coñecemento.

4.6. Contratación persoal: para o desenvolvemento destas liñas de actuación é necesaria a adscrición dun técnico/a superior de xestión con perfil de transferencia.

5 . INFORMACIÓN PÚBLICA E TRANSPARENCIA

| Información pública/ transparencia | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 | Σ período (€) |
|---|-------|-------|-------|-------|----------------------------|
| Informe anual e estudo impacto entorno | 1.500 | 1.500 | 1.500 | 1.500 | 6.000 |

A rendición de contas é un obxectivo prioritario de Campus Terra. É moi importante que se xustifique con transparencia a xestión dos recursos e as actividades realizadas para conseguir unha maior implicación da comunidade universitaria no proxecto, de aí a obrigatoriedade de publicar un informe anual de actividades, xestión económica e autoavaliación do traballo realizado ao longo de cada anualidade, mostrando os resultados dos indicadores que foron sinalados para testar o funcionamento do Campus.

TERCEIRA.- Obrigas

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola USC para impulsar as accións descritas neste convenio.

A USC comprométese a desenvolver as accións descritas, a someterse a avaliación continua do desenvolvemento das accións específicas para o Campus de Especialización, así como facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e a colaboración da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesionais e Universidades.



De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a USC non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

CUARTA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é catro millóns setecentos oitenta e cinco euros (4.000.785 €), con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan galego de financiamento universitario 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG número 248, do 28 de decembro).

O reparto deste importe por anualidades é o seguinte:

| ANUALIDADES | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 | TOTAL |
|-------------|---------|-----------|-----------|---------|-----------|
| | 906.272 | 1.230.980 | 1.099.449 | 764.084 | 4.000.785 |

Esta cantidade de 4.000.785 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

- Custo de contratación de persoal investigador, persoal xestor, etc.
- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; pequenas reformas; dotación de laboratorios.
- Material bibliográfico, cotas asociacións, congresos, coloquios, etc., así como adhesión a sociedades científicas.



- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, vídeos, xornadas e reunións científicas.
- Dietas de viaxe e aloxamento.
- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Axudas á organización de reunións e congresos.
- Xestión de patentes.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas, etc.
- Servizo de consultoría e asesoramento externo para estudos, traballos técnicos e actividades complementarias.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento, a universidade achegará antes do 15 de decembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a



finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.

- Os pagamentos correspondentes ás nóminas e Seguridade Social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto do ano seguinte.
- Un informe relativo o cumprimento das recomendacións emitidas polo Comité de Avaliación no informe final do proceso de avaliación, así como presentar os indicadores de execución e resultado recollidos no protocolo.
- Conta xustificativa que deberá incluír unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos e a memoria económica das actividades realizadas que, como mínimo, deberá desglosar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas neste Convenio (5), cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

Poderán realizarse pagamentos anticipados que supoñan entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ata un máximo do 50% da subvención concedida para cada anualidade, de acordo



co previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada do Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, previa solicitude debidamente xustificada da entidade beneficiaria.

A concesión de anticipos quedará condicionada ao cumprimento, da parte beneficiaria, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A realización de pagamentos anticipados está exenta da constitución de garantías por parte das universidades, de acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 52 da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

SEXTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, un dos cales ostentará a presidencia.
- Tres membros da Universidade de Santiago de Compostela.



Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.

OITAVA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2022, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2025.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

O procedemento de acreditación como campus de especialización esténdese ás tres universidades do SUG, potenciando a identidade propia de cada un dos seus campus a través da especialización e concretándose na promoción,



deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento da súa actividade investigadora.

A tal fin asinaranse convenios singulares coas outras universidades do SUG que soliciten, e lles sexa outorgada segundo o procedemento establecido, a acreditación para os seus respectivos campus. Polo tanto, non é necesario promover a concorrència competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2, 1,c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG).

Non obstante a USC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.



DÉCIMA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a USC consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

Así mesmo, a partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1. b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións.



DÉCIMO-PRIMEIRA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e
Universidades.

Antonio López Díaz

Reitor da Universidade de Santiago (USC)

